

Expediente IET: P-20-218
Proxecto: Parque eólico Rodeira
Concello: Vila de Cruces (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 23/06/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o estudo de impacto ambiental de agosto 2021 (data de sinatura dixital 03/08/2021), e o proxecto técnico de maio 2022 (data de sinatura dixital 25/05/2022) do parque eólico Rodeira.

1. Antecedentes:

Con data do 18/05/2020 o IET emitiu un informe relativo á consulta sobre o documento ambiental de inicio do parque eólico Rodeira no marco da avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonante co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).



De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Rodeira, de 22 MW de potencia total, que estará integrado por 4 aeroxeradores de 161 m de altura de buxa e 158 m de diámetro de rotor, sendo a altura total de 240 m.

O proxecto inclúe como infraestrutura asociada camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, unha torre de medición meteorolóxica e unha subestación eléctrica. O proxecto estima unha lonxitude de camiños total de 3.336,50 m dos cales serán de nova construción 643,16 m e de mellora dos camiños existentes 2.693,37 m. Os circuitos eléctricos de media tensión a 30 kV que conectan os transformadores de cada turbina coa subestación eléctrica do parque dispóñense soterrados en gabias dispostas, en xeral, en paralelo aos camiños do parque. A subestación eléctrica Rodeira 132/30kV ocupa unha superficie de 1.929 m² e inclúe un edificio de control de 294 m² con fachada de bloque de formigón revestido con pedra da zona e cuberta a dúas augas de tella cerámica.

Respecto do anterior informe, o actual proxecto presenta un cambio de posición dos aeroxeradores.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como Anexo VIII, integrado polos seguintes epígrafes: obxecto, metodoloxía, descrición do proxecto, descrición da contorna, diagnose do estado actual da paisaxe, unidades de paisaxe, determinación dos impactos, identificación e valoración de impactos, avaliación de efectos acumulativos e sinérxicos, criterios e medidas de integración paisaxística, conclusións e planos.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística do Deza. As áreas de especial interese paisaxística (AEIP) máis próximas son a AEIP_07_27 Fervenza do Toxa-Carboeiro (situada a 2,5 km), a AEIP_07_15 Río Ulla (situada a 5,0 km), a AEIP_07_20 Sobreirais do Arnego (situada a 6,1 km) e a AEIP_07_19 Insuas de Gres (situada a 6,1 km). En relación aos miradoiros, os máis próximos son o miradoiro Monte das Covas (situado a 2,4 km), o miradoiro Coto da Magdalena (situado a 4,2 km), o miradoiro O Carrio (situado a 4,7 km) o miradoiro Monte San Sebastián (situado a 13,5 km) e o miradoiro Alto Gundián (situado a 15,0 km).

En relación ao Camiño de Santiago, o parque eólico sitúase a 8,9 km ao norte da ruta xacobeá Camiño Vía da Prata e a 16,0 km ao sur da ruta xacobeá Camiño Francés.

O parque eólico sitúase na contorna dos altos de Roda do Castro e Cal do Castro. Trátase de cumios conformados por unha paisaxe agroforestal con especies forestais de produción madeireira e áreas de mato, pastos naturais e cultivos forraxeiros. A morfoloxía parcelaria e a distribución de camiños é irregular. Na contorna dos aeroxeradores aparecen numerosos núcleos de poboación, situándose varios núcleos a unha distancia inferior a 1.000 m, e sendo os principais Vila de Cruces (situada a 2,5 km), Silleda (situada a 8,0 km) e Lalín (situada a 13





km). O territorio está organizado entorno ás estradas autonómicas PO-204 e PO-205 (situada a 250 m do aeroxerador máis próximo e pola que se accede ás infraestruturas), a AP-53 (situada a 6,5 km), así como ao Camiño de Santiago.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores. Leva a cabo un estudo de visibilidade de cada aeroxerador e do conxunto nun radio de 15 km. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe durante a fase de construción e funcionamento. O contido do EIIP non se axusta completamente ao disposto no RLPPG polo que se deberá completar seguindo as indicacións do apartado 6 deste informe.

En canto aos efectos do proxecto sobre a paisaxe, do estudo de visibilidade contido no EIIP dedúcese que os aeroxeradores terán unha incidencia visual alta desde a maior parte da superficie da envolvente de 5 km, mentres que nun radio de 10 km esta visibilidade manterase alta ao suroeste dos aeroxeradores. Tamén serán visibles desde as áreas de especial interese paisaxística (AEIP) e miradoiros enumerados no apartado anterior deste informe.

A incidencia visual sobre os núcleos de poboación máis próximos será alta, así mesmo, dentro da cunca visual do parque eólico localízanse os núcleos urbanos de Vila de Cruces (situada a 2,5 km) e Silleda (situada a 8,0 km).

No relativo ás principais vías de comunicación, os aeroxeradores serán visibles desde a estrada PO-204 ao longo de 7,5 km (a unha distancia aproximada 1,2 km) a estrada PO-205 ao longo de 10 km (a unha distancia de entre 250 m y 7,0 km) e a AP-53 ao longo duns 15 km (a unha distancia a 7,5 km). Así mesmo, serán visibles desde o Camiño de Santiago, na sua ruta Camiño Vía da Prata, situado a uns 8,9 km, ao longo dun percorrido dos 12 km.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística que poden considerarse en xeral adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberán completarse co que se indica no apartado 6 deste informe.

6. Conclusión:

O contido de EIIP non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e ao disposto nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Deberá completarse segundo as seguintes indicacións:

- Deberase aportar a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das Directrices de paisaxe de Galicia, tal como prescribe o artigo 27.d) do RLPPG. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción dos obxectivos e directrices.



- Así mesmo, aos efectos do artigo 31.1.d) do RLPPG, deben aportarse montaxes fotográficas nas que poidan percibirse con claridade os aeroxeradores sobre a paisaxe, desde os puntos de observación máis sensibles.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores, que pola súa forma e altura serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivada da presenza doutros parques na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos de poboación máis próximos, as AEIP e os miradoiros. Esta incidencia visual non supón un impacto crítico, pero é susceptible de ser mitigada, en canto aos núcleos rurais, coa adopción de medidas preventivas e correctoras. A este respecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

Respecto ao edificio de control, e de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.c.4, deberase procurar a mellor integración cromática e textural posible seleccionando os materiais e as cores en atención ás características da paisaxe de acollida, coidando os acabamentos para transmitir unha imaxe de calidade. En calquera caso evitárase o emprego de materiais que afecten negativamente á paisaxe pola súa cor, brillo ou similares. Adicionalmente, para reducir a incidencia visual que pode provocar a subestación eléctrica recoméndase manter unha franxa de vexetación no seu perímetro, formada preferiblemente por especies autóctonas.

En todo caso, de acordo co artigo 30 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas nos planos e orzamento do proxecto.

Será necesario someter a documentación a novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

